

Á protección dos organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, por exemplo, zonas tampón.

Á protección de aves e de pequenos mamíferos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

No prazo de dous anos a partir da data de inclusión do protioconazol, o notificador da substancia activa deberá presentar:

Información que permita avaliar a exposición dos consumidores aos derivados do metabolito triazol en cultivos primarios, en cultivos de rotación e en produtos de orixe animal.

A comparación do modo de acción do protioconazol e dos derivados do metabolito triazol para poder avaliar a toxicidade resultante da exposición combinada a eses compostos.

Información para seguir tendo en conta os riscos a longo prazo que o uso de protioconazol para o tratamento de sementes representa para as aves granívoras e os mamíferos.

Prazo da inclusión: do 1 de agosto de 2008 ao 31 de xullo de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xullo de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xaneiro de 2009 para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xaneiro de 2010 para produtos que conteñan protioconazol como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o protioconazol unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa metconazol.

Características:

Nome común: Metconazol.

N.º CAS. 125116-23-6 (estereoquímica sen especificar).

N.º CIPAC: 706.

Nome químico (IUPAC): (1RS, 5RS: 1RS, 5SR)-5-(4-clo-robenzil)2,2-dimetil-1-(1 H-1,2,4-triazol-1-ilmetil)ciclo-pentanol.

Pureza mínima da substancia: 940 g/kg (suma dos isómeros cis e trans).

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida e como regulador do crecemento vexetal.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 23 de maio de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección dos organismos acuáticos, das aves e dos mamíferos, e incluír como condición nas correspon-

dentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Á seguraza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de protección.

Prazo da inclusión: do 1 de xuño de 2007 ao 31 de maio de 2017.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de maio de 2011 para produtos que conteñan metconazol como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o metconazol unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

16785 *ORDE TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación de 2007-2013. («BOE» 252, do 18-10-2007.)*

A Decisión da Comisión do 7 de maio de 2007 aprobou o Marco Estratéxico Nacional de Referencia 2007-2013, que desenvolve o Acordo do Consello Europeo do 16 de decembro de 2005 polo que se determinaron as perspectivas financeiras para o período 2007-2013, e a estratexia para o Fondo de Cohesión, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o Fondo Social Europeo para o mesmo período 2007-2013. O Marco estratéxico define, así mesmo, a contribución da política rexional española ao cumprimento dos obxectivos da Estratexia de Lisboa en desenvolvemento de determinadas medidas previstas no Programa nacional de reformas de España.

O artigo 56.4 do Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1260/1999 dispón que as normas sobre subvencionabilidade do gasto se establezan a escala nacional. Todo iso sen prexuízo das excepcións e peculiaridades que se recollen respecto ao Fondo Social Europeo na regulamentación comunitaria.

En consecuencia, un dos instrumentos necesarios para garantir a correcta execución dos obxectivos definidos no Marco estratéxico son as disposicións que determinan os criterios de subvencionabilidade polo Fondo Social Europeo dos gastos de execución das operacións.

Esta regulación supón unha novidade respecto á normativa anterior, xa que nela se establecían unhas normas de subvencionabilidade comúns a todos os Estados membros recollidas para o Fondo Social Europeo no Regulamento (CE) n.º 1685/2000 da Comisión, do 28 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello no rela-

tivo ao financiamento de gastos de operacións cofinanciadas polos fondos estruturais, que foi obxecto de diversas modificacións posteriores.

Nesta norma recolléronse, xunto cos criterios xerais de subvencionabilidade e xustificación dos gastos, criterios específicos que deben cumprir determinados gastos para poder ser obxecto de cofinanciamento con cargo ao Fondo Social Europeo. Adicionalmente, establécese a obriga de que os gastos cofinanciados polo Fondo Europeo de Adaptación á Globalización deberán cumprir coas disposicións relativas á xustificación documental dos gastos financiados polo Fondo Social Europeo.

Na elaboración desta norma tiveronse en conta os artigos 29 a 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o artigo 4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. Así mesmo, tomáronse en especial consideración os artigos 56 e 78 do Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo, e o artigo 11 do Regulamento (CE) 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1784/1999.

Vistos o artigo 12.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que atribúe aos ministros o exercicio da potestade regulamentaria nos termos previstos na lexislación específica; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o artigo 1.1 e a disposición derradeira primeira do Real decreto 683/2002, do 12 de xullo, polo que se regulan as funcións e procedementos de xestión da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo, coa modificación no artigo 1.1 referida á adscrición da dita unidade, feita en virtude do artigo 13.4.c) do Real decreto 1129/2008, do 4 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Traballo e Inmigración e se modifica o Real decreto 438/2008, do 14 de abril, polo que se aproba a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.

Na súa virtude, por proposta da Secretaría Xeral de Emprego, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta disposición será de aplicación aos gastos producidos na execución dos programas operativos do Reino de España cofinanciados polo Fondo Social Europeo, durante o período 2007-2013.

2. As disposicións recollidas no artigo 3 desta norma serán aplicables aos gastos incluídos nas solicitudes de axuda que presente o Reino de España ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización constituído polo Regulamento (CE) n.º 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización.

Artigo 2. *Criterios xerais de subvencionabilidade Fondo Social Europeo.*

1. Os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo deberán corresponder a operacións decididas pola autoridade de xestión ou os organismos intermedios do programa operativo de referencia, de conformidade cos criterios fixados polo comité de seguimento.

2. Será subvencionable polo Fondo Social Europeo todo gasto efectivamente aboado polos beneficiarios na execución das operacións entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2015.

3. Non obstante, no caso de que o beneficiario non teña que aboar gasto ningún na execución da operación, serán subvencionables os gastos efectivamente pagados aos beneficiarios en operacións executadas entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2015.

4. Non poderán optar a subvención do FSE os seguintes gastos:

a) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

b) Xuros debedores. Adquisicións novas ou de segunda man de mobiliario, equipamento, vehículos, infraestruturas, bens inmoebles e terreos.

c) Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais.

d) Os gastos de procedementos xudiciais.

5. As contribucións en especie, os gastos de amortización, os gastos financeiros e legais, así como os custos indirectos, serán subvencionables con cargo ao Fondo Social Europeo cando se cumpran os requisitos establecidos nesta norma.

Artigo 3. *Documentación xustificativa.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 6.1 b) desta norma, os gastos obxecto de certificación deberán acreditarse mediante facturas pagadas ou documentos contables de valor probatorio equivalente. En determinados gastos exixírase, con carácter adicional, a documentación xustificativa establecida no articulado desta norma.

2. Cando a selección do beneficiario da operación teña lugar por medio de licitación pública, os gastos realizados xustificáranse mediante as facturas pagadas emitidas conforme o estipulado nos contratos asinados.

Para os efectos desta norma considérase que a selección do beneficiario se desenvolveu por medio de licitación pública cando se realice aplicando a normativa de contratación pública ou, en caso de non se encontrar dentro do seu ámbito de aplicación, cando se cumpra co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Cando a selección do beneficiario da operación non teña lugar por medio de licitación pública, os gastos realizados xustificáranse mediante os documentos mencionados no número 1, que acrediten os custos realmente producidos na execución da operación.

4. Con carácter específico, cando a selección do beneficiario non se realice por medio de licitación pública, e a relación entre este e o órgano que aproba a operación se formalice por medio dun convenio dos establecidos na letra c) do artigo 4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, ademais de cumprir o disposto no número 3 desta norma, debe existir un informe do servizo xurídico competente que xustifique debidamente a necesidade de formalizar o convenio de colaboración.

Artigo 4. *Gastos de asistencia técnica.*

1. Serán subvencionables como gastos de asistencia técnica os gastos producidos nas actividades de preparación, xestión, seguimento, avaliación, información e control dos programas operativos do Fondo Social Europeo, así como nas actividades dirixidas a reforzar a capacidade administrativa para a utilización dos fondos do Fondo Social Europeo.

2. Para estes efectos, poderán ser subvencionables as remuneracións brutas do persoal que desenvolva as funcións mencionadas no punto anterior sempre que exista unha resolución expresa da autoridade competente de cada organismo en que conste a súa dedicación exclusiva ou a tempo parcial, con indicación expresa do tempo de dedicación neste último suposto.

3. O Programa operativo plurirrexional de asistencia técnica e cooperación transnacional e interrexional

financiará os gastos realizados pola autoridade de xestión, autoridade de certificación e organismos intermedios designados neste programa operativo. Así mesmo, financiará os gastos das operacións previamente decididas pola autoridade de xestión, e executadas por entidades públicas ou privadas, nos termos establecidos no propio programa operativo.

4. A autoridade de auditoría dos programas operativos de carácter plurirrexional poderá solicitar á autoridade de xestión do programa operativo a subvención con cargo ao Programa operativo plurirrexional de asistencia técnica e cooperación transnacional e interrexional, das actuacións de auditoría das operacións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo en cumprimento do disposto no artigo 16 e seguintes do Regulamento (CE) n.º 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) n.º 1083/2006, do Consello, e o Regulamento (CE) n.º 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, cando dificultades de índole xurídica e técnica imposibiliten ou dificulten a súa imputación ao eixe de asistencia técnica do programa operativo obxecto de auditoría.

5. O eixe de asistencia técnica de cada programa operativo financiará os gastos en que incorran os organismos intermedios designados no respectivo programa.

6. As autoridades de auditoría dos programas operativos rexionais poderán solicitar ao organismo intermedio de cada programa operativo a subvención con cargo ao eixe de asistencia técnica de cada programa operativo para os gastos derivados directamente das actuacións de auditoría das operacións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo en cumprimento do disposto no artigo 16 e seguintes do Regulamento 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006.

Artigo 5. *Contribucións en especie.*

1. As contribucións en especie só poderán ser subvencionables con cargo ao Fondo Social Europeo cando consistan na cesión de uso de terreos, bens inmobles ou bens de equipamento, e realización de traballo voluntario, servizos de investigación ou profesionais non remunerados, sempre que cumpran os requisitos que a continuación se enumeran:

a) A subvención do Fondo Social Europeo non poderá ser superior ao gasto total subvencionable excluído o valor das contribucións en especie.

b) A súa valoración será susceptible de ser auditada por separado.

c) No caso de cesión de uso de terreos, bens inmobles ou bens de equipamento, a valoración será certificada por un taxador cualificado independente ou por un organismo oficial autorizado.

d) No caso de traballo voluntario non remunerado, a valoración determinarase segundo o tempo dedicado e os salarios habituais por hora e día para o traballo realizado aplicándose, para o efecto, o convenio colectivo ou disposición salarial aplicable ao beneficiario. No seu defecto, con carácter previo ao inicio da operación, deberá existir declaración expresa do beneficiario en que xustifique e identifique o convenio ou disposición que se vai aplicar.

En todo caso, deberá existir un documento que recolla de forma expresa o compromiso entre o traballador non remunerado e o beneficiario.

O beneficiario debe acreditar debidamente os tempos de actividade do traballador voluntario non remunerado ás operacións subvencionadas polo Fondo Social Europeo.

e) Os servizos de investigación ou profesionais xustificaranse mediante certificación realizada polo prestameiro en que conste a valoración económica do servizo realizada sobre a base do prezo de mercado para unha actividade igual ou similar á prestada.

Para os efectos desta norma enténdese que se aplicou o prezo de mercado cando se impute como gasto subvencionable a media de tres orzamentos solicitados, sempre que exista mercado para iso, a empresas ou profesionais que presten servizos iguais ou similares ao que se pretende xustificar como contribución en especie.

Artigo 6. *Custos indirectos.*

1. Os custos indirectos poderán ser subvencionados polo Fondo Social Europeo sempre que se axusten a algún dos seguintes criterios:

a) Con base nos custos reais producidos, sen limitación cuantitativa ningunha.

Todos e cada un dos custos así imputados deben estar soportados polos documentos mencionados no artigo 3.1 desta norma e deben ser asignados a pro rata á operación consonte un método xusto e equitativo que debe constar por escrito e ser previo á realización dos gastos.

b) No caso de subvencións, poderase optar pola certificación a tanto alzado dos custos indirectos por un importe máximo do 20% dos custos directos imputados en cada operación.

Para poder aplicar este criterio é necesario que nas bases reguladoras da subvención se establezan tanto os custos directos que se van ter en conta como a porcentaxe dos custos directos que se considerarán custos indirectos imputables a tanto alzado. Para iso, con carácter previo, débense ter desenvolvido os estudos económicos necesarios para determinar esta porcentaxe.

Aplicando este criterio non cómpre dispoñer de facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente que acrediten os custos indirectos imputados.

2. Nunha mesma operación só se pode aplicar un dos dous criterios mencionados no punto anterior.

3. Para os efectos do disposto neste artigo considéranse custos directos dunha operación aqueles que sexan inequivocamente identificables con ela e cuxo nexo con esa operación se poida demostrar de maneira indubidable.

4. Así mesmo, terán a consideración de custos indirectos todos aqueles que non se poden vincular directamente cunha operación do executante da actividade subvencionada, pero que, no entanto, son necesarios para a realización de tal actividade. Dentro dos custos indirectos inclúense tanto aqueles que son imputables a varias das operacións que desenvolva o beneficiario, sexan ou non subvencionables con cargo ao Fondo Social Europeo, como os custos xerais de estrutura que, sen ser imputables a unha actividade concreta, son necesarios para que a actividade se leve a cabo.

5. Os custos indirectos teñen, en todo caso, a consideración de custos reais calquera que sexa a opción de certificación que se adopte.

Artigo 7. *Gastos de amortización.*

Os gastos de amortización dos bens inventariables utilizados na execución dunha operación serán subvencionables polo Fondo Social Europeo cando cumpran os seguintes requisitos:

a) Que estean directamente relacionados coa operación.

b) Que na súa adquisición non se utilizase calquera outra subvención.

c) Que o importe que se certifique como gasto deberá ter sido calculado de conformidade coa normativa contable nacional pública ou privada.

d) Que o importe que se certifique como gasto en concepto de amortización deberá corresponder co período de elixibilidade da operación.

Artigo 8. *Gastos financeiros e legais.*

1. Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización da operación, os gastos de garantías bancarias ou doutras institucións financeiras serán subvencionables polo Fondo Social Europeo cando estean directamente relacionados coa operación e sexan exixibles pola normativa estatal, da comunidade autónoma ou local.

2. Nos casos en que a execución dunha operación cofinanciada polo Fondo Social Europeo requira a apertura dunha ou varias contas separadas, serán subvencionables os gastos de apertura e mantemento destas contas.

Artigo 9. *Ingresos.*

1. Para os efectos desta disposición, entenderase por ingresos os xerados por unha operación cofinanciada polo Fondo Social Europeo en concepto de vendas, alugueres, servizos, taxas de inscrición, matrículas ou outros equivalentes. Exclúense deste concepto as contribucións do sector privado ao cofinanciamento de operacións que figuren xunto ás contribucións públicas nos cadros financeiros da axuda de cada programa operativo.

2. Os ingresos constitúen rendas que reducen a subvención do Fondo Social Europeo na operación.

Artigo 10. *Instrumentos de enxeñaría financeira.*

1. Os programas operativos financiados polo Fondo Social Europeo poderán subvencionar o gasto de operacións que comprendan contribucións de apoio a unha serie de instrumentos de enxeñaría financeira para a empresa, dedicados principalmente a pequenas e medianas empresas, tales como fondos de capital risco, fondos de garantía e fondos de préstamo.

2. Os fondos de capital risco e fondos de préstamos son sistemas de investimento establecidos especificamente para proporcionar accións ou outras formas de capital de risco como poden ser os préstamos a pequenas e medianas empresas.

3. Os fondos de garantía son instrumentos que garanten os fondos de capital de risco e os fondos de préstamos definidos no parágrafo anterior, así como outros sistemas de financiamento, fronte ás perdas derivadas dos investimentos realizados en pequenas e medianas empresas.

4. Os fondos de carteira son instrumentos creados para investir en varios fondos de capital risco e fondos de préstamos.

5. O conxunto dos instrumentos definidos anteriormente configúranse como patrimonios separados, sen personalidade xurídica, pertencentes a unha pluralidade de socios cofinanciadores.

En todos eles debe existir unha entidade titular do fondo que exercerá as facultades de dominio do fondo sen ser propietaria del. No caso de que o instrumento de enxeñaría financeira non se cree no seo dunha institución financeira será necesaria a existencia dun depo-

sitario que debe garantir a custodia do capital investido.

6. Os instrumentos de enxeñaría financeira constituiranse unha vez que se realicen as achegas económicas iniciais, despois de se presentar o plan de empresa á autoridade de xestión.

7. O regulamento de funcionamento do instrumento de enxeñaría financeira conterà, polo menos, a seguinte información:

a) Descrición detallada dos requisitos para concesión das axudas procedentes del.

b) Procedemento polo que as axudas se fan efectivas.

c) Prazo de duración, que poderá ser ilimitado.

d) Causas de disolución e normas para realizar a súa liquidación.

e) Procedementos para levar a cabo as modificacións do plan de empresa e do propio regulamento de funcionamento.

Artigo 11. *Arrendamento financeiro.*

1. Serán subvencionables os pagamentos aboados polo arrendatario ao arrendador con excepción dos xuros debedores. Non serán subvencionables outros custos ligados ao contrato de arrendamento financeiro, especificamente o exercicio da opción de compra, a marxe do arrendador, os seguros e os xuros de custos de refinanciamento.

2. No que respecta aos impostos cómpre ter en conta o establecido no artigo 2 desta norma.

3. Cando a data de finalización do contrato de arrendamento sexa posterior á data límite de subvencionabilidade dos gastos polo Fondo Social Europeo, só se poderá subvencionar o gasto correspondente aos pagamentos de arrendamento aboados polo arrendatario ata a data límite de subvencionabilidade.

4. No caso dos contratos de arrendamento que non conteñan unha opción de compra e cuxa duración sexa inferior ao período de vida útil do activo a que se refire o contrato, o arrendatario deberá poder demostrar que o arrendamento financeiro era o método máis rendible para obter o uso dos bens. Se os custos fosen máis baixos de se ter utilizado un método alternativo, os custos adicionais deduciríanse do gasto subvencionable.

Artigo 12. *Subcontratación da execución da operación polo beneficiario.*

1. Para os efectos desta disposición entenderase que existe subcontratación cando o beneficiario dunha operación subvencionada polo Fondo Social Europeo concerte con terceiros a súa execución total ou parcial. Quedan fóra deste concepto as contratacións que faga o beneficiario para realizar, por si mesmo, a operación subvencionada.

2. O beneficiario unicamente poderá subcontratar total ou parcialmente a execución da operación cando a normativa estatal, da comunidade autónoma ou local que regule a operación así o prevexa e na porcentaxe que se fixe nas normas estatais, da comunidade autónoma ou locais aplicables. No suposto de tal previsión non figurar, o beneficiario poderá subcontratar como máximo ata o 50 por cento do custo total da operación subvencionada.

3. Para os efectos da documentación xustificativa do gasto realizado polo subcontratista observarase o disposto no artigo 3 desta norma.

4. Os contratistas quedarán obrigados só ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade cofinanciada fronte ao órgano intermedio e a autoridade de xestión.

Artigo 13. *Subvencionabilidade segundo o lugar en que se execute a operación.*

As operacións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo deberanse efectuar na rexión ou zona subvencionable definida no programa operativo.

Unha operación subvencionada polo Fondo Social Europeo só se poderá executar excepcionalmente fóra do ámbito territorial de actuación do programa operativo cando así o autorice previamente a autoridade de xestión ou o órgano intermedio dando conta á autoridade de xestión e coas condicións e requisitos que, para o efecto, se establezan na resolución de autorización.

Artigo 14. *Financiamento complementario.*

De acordo co disposto no artigo 34 do Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, o Fondo Social Europeo poderá financiar de forma complementaria medidas comprendidas no ámbito de intervención do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) de acordo cos seguintes requisitos:

a) Este financiamento complementario non excederá o límite do 10% da axuda comunitaria correspondente a cada eixe prioritario do programa operativo. Excepcionalmente, de acordo co disposto no artigo 3 número 7 do Regulamento (CE) n.º 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Social Europeo, esta porcentaxe poderase incrementar ata o 15% do eixe prioritario de que se trate, cando se financien medidas de acordo coa prioridade de inclusión social e se encontren incluídos no ámbito de aplicación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

b) Estes gastos serán subvencionables se cumpren os criterios de intervención do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional establecidos no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1783/1999.

c) Serán aplicables a estes gastos as normas nacionais establecidas en cumprimento do artigo 56.4 do Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006.

Disposición transitoria única. *Emenda de deficiencias.*

As deficiencias existentes na documentación xustificativa dos gastos subvencionables producidos con anterioridade ao momento da entrada en vigor desta norma serán emendables no prazo dun mes desde a dita entrada en vigor.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante, as normas sobre gastos subvencionables que se establecen nela serán de aplicación aos gastos efectivamente pagados a partir do 1 de xaneiro de 2007.

Madrid, 14 de outubro de 2008.—O ministro de Traballo e Inmigración, Celestino Corbacho Chaves.

MINISTERIO DA VIVENDA

16789 REAL DECRETO 1675/2008, do 17 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1371/2007, do 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico «DB-HR Protección contra o ruído» do Código técnico da edificación e se modifica o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación. («BOE» 252, do 18-10-2008.)

O Real decreto 1371/2007, do 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico «DB-HR Protección contra o ruído», do Código técnico da edificación e se modifica o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, establece, na súa disposición transitoria terceira, que durante os 12 meses posteriores ao momento da entrada en vigor deste real decreto poderanse aplicar as exixencias básicas desenvolvidas no documento básico «DB-HR Protección contra o ruído» do CTE, sen prexuízo do previsto na disposición derradeira terceira sobre a entrada en vigor do referido real decreto.

Así mesmo, sinala que unha vez finalizado o dito período transitorio, será obrigatoria a aplicación das exixencias básicas desenvolvidas no documento básico «DB-HR Protección contra o ruído», do CTE que se aproba.

De tal modo, e tendo en conta a data prevista para a súa entrada en vigor, que se produciu o 24 de outubro de 2007, a finalización do período transitorio producirase o 24 de outubro de 2008, data en que resultarán de obrigado cumprimento as exixencias básicas desenvolvidas no documento básico «DB-HR Protección contra o ruído», do CTE que se aprobou mediante o Real decreto 1371/2007.

En relación con iso, a disposición transitoria segunda do Real decreto 1371/2007, sobre o réxime de aplicación da normativa anterior ao documento básico «DB-HR Protección contra o ruído», do CTE, posibilitou que durante os doce meses seguintes ao momento da entrada en vigor do real decreto se puidese continuar aplicando a normativa previa na materia que se cita nela, e que durante este período transitorio se puidese optar por aplicar a anterior norma básica ou as exixencias básicas desenvolvidas no documento básico «DB-HR Protección contra o ruído», do CTE que se aprobou mediante o real decreto.

Este período de aplicación voluntaria da norma demostrou ser importante e fundamental para que a asimilasen os axentes que a han de aplicar, dada a complexidade técnica da norma, segundo reconece todo o sector. Igualmente, este período está servindo para que os sectores se preparen en aspectos tan fundamentais como a formación dos técnicos e a caracterización das prestacións acústicas de produtos e solucións técnicas que aseguren o eficaz cumprimento da norma.

Neste sentido, a propia Administración fixo un esforzo de axuda ao sector proporcionando un plan de formación sobre a norma acústica, e realizando unha primeira versión de catálogo de elementos construtivos, caracterizados polas súas prestacións acústicas e doutro tipo, así como igualmente, preparando unha ferramenta informática que contribúa a facilitar a súa adecuada aplicación.

Todos estes esforzos, incluídos os de formación, desenvolvéronse no período de aplicación voluntaria previsto na norma que se modifica, o cal demostrou que quedou curto en relación co esforzo que require esta norma de especial complexidade técnica. Por todo iso, e co fin de culminar os esforzos formativos e de perfeccionamento das ferramentas informáticas e o catálogo de elementos construtivos, parece oportuno prorrogar